

ACTA Nº 2017/9
SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE
PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

- Casa do Concello, mercores 13 de setembro de 2017 -

No día de hoxe, ás 20:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e as concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación Municipal.

PRESIDE: ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

ASISTEN:

BNG
TOBIAS BETANZOS REGO
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA
ADELINA CES QUINTANS
RAQUEL GARCIA ABUIN
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

PP
ADRIAN VIDAL IGLESIAS
MARIA VANESA MARTINEZ DURAN

PSdeG-PSOE
MARIA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO
MARTIN COMOJO VICENTE
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

Rianxo en Común-SON
ANTONIO CASTRO CASTRO
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

AUSENCIAS:

PP
MARIA JESUS GALBAN TEIJEIRO
ELISA BOUZAS VICENTE
ADELA BECERRA MAYO

SECRETARIA: PATRICIA SANCHEZ CASTELO

INTERVENTORA: PATRICIA FERNANDEZ PEREZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA:

1. Ratificación da urxencia
2. Ampliación dos límites cuantitativos dos investimentos da intervención arqueolóxica integral de consolidación e restauración da fortaleza de Rianxo-Castelo da Lúa

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA

O alcalde, xustifica a urxencia dicindo que tratase de unha intervención arqueolóxica integral de consolidación e restauración da fortaleza de Rianxo – Castelo da Lúa que é unha subvención de

DELOA que ten que estar rematada antes do 15 de outubro.

Sométese a ratificación a urxencia resultando ratificada por unanimidade dos 14 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

2. AMPLIACIÓN DOS LÍMITES CUANTITATIVOS DOS INVESTIMENTOS DA INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA INTEGRAL DE CONSOLIDACIÓN E RESTAURACIÓN DA FORTALEZA DE RIANXO-CASTELO DA LÚA

O alcalde, da conta da proposta:

1. NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais (TRLFL)

Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei reguladora das facendas locais en materia de orzamentos (RP)

2. ANTECEDENTES

O 26/07/2017 consta a aceptación do Concello de Rianxo da subvención concedida pola Asociación de Desenvolvemento Local Deloa, como grupo de desenvolvemento local da Medida LEADER de Galicia para a Intervención arqueolóxica integral de consolidación e restauración da fortaleza de Rianxo Castelo da Lúa.

Os importes da subvención son os indicados no encabezamento para un gasto total de 206.196,10 €, que tamén distribúese por anualidades:

Ano 2017: 114.672,11 €

Ano 2018: 91.523,99 €

Descrición	Total	2.017	2.018
Arqueólogo director	10.500,00	5.839,38	4.660,62
Arqueólogo axudante dirección	9.600,00	5.338,86	4.261,14
Arquitecto	3.150,00	1.751,81	1.398,19
Restaurador director	10.500,00	5.839,38	4.660,62
Restaurador axudante dirección	9.600,00	5.338,86	4.261,14
Asesoría histórica e documental	1.200,00	667,36	532,64
Técnicos, canteiros, oficiais	42.000,00	23.357,51	18.642,49
Topografía, fotogrametría	1.200,00	667,36	532,64
Maquinaria, vehículos e infraestrutura	24.000,00	13.347,15	10.652,85
Infraestrutura, casetas, baños	2.000,00	1.112,26	887,74
Materiais construtivos, restauración e funxibles	15.000,00	8.341,97	6.658,03

Estruturas metálicas	3.500,00	1.946,46	1.553,54
Prevenición de riscos, seguridade, administración, copias	1.750,00	973,23	776,77
Base imponible	134.000,00	74.521,59	59.478,41
Gastos xerais 13%	17.420,00	9.687,81	7.732,19
Beneficio industrial 6%	8.040,00	4.471,30	3.568,70
Subtotal A	159.460,00	88.680,70	70.779,30
Proxecto	4.950,00	2.752,85	2.197,15
Memoria	6.000,00	3.336,79	2.663,21
Subtotal B	170.410,00	94.770,34	75.639,66
IVE 21%	35.786,10	19.901,77	15.884,33
Total	206.196,10	114.672,11	91.523,99
Subvención	120.346,16	86.348,62	33.997,54
Achega municipal	85.849,94	28.323,49	57.526,45

A 06/09/2017 trasládese a esta Intervención unha copia do proxecto da obra que se vai licitar e que ascende a 162.708,70 €, coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2017: 90.487,38 €

Ano 2018: 72.221,32 €

Aos efectos de verificación do cumprimento dos límites dos gastos plurianuais realízase o seguinte informe.

3. INFORME

3.1 Verificación do cumprimento dos límites do gasto plurianual

O artigo 174.2 TRLFL establece a posibilidade de adquirir compromisos de gastos que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio. Os supostos son os seguintes:

- a) Investimentos e transferencias de capital.
- b) Os demais contratos e os de subministro, de consultoría, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de arrendamento de equipos non habituais das entidades locais, sometidos ás normas do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño (norma derrogada polo TRLCSP), que non poidan estipularse ou resulten antieconómicos por un ano.
- c) Arrendamentos de bens inmobles
- d) Cargas financeiras das débedas da entidade local e dos seus organismos autónomos
- e) Transferencias correntes que se deriven de convenios subscritos polas Corporacións Locais con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro

O artigo 174.3 TRLFL establece o tipo de límites que se deben aplicar:

- a) Investimentos e transferencias de capital.
- b) Os demais contratos e os de subministro, de consultoría, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de arrendamento de equipos non habituais das entidades locais, sometidos ás normas do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño (norma derogada polo TRLCSP), que non poidan estipularse ou resulten antieconómicos por un ano.
- c) Arrendamentos de bens inmobles
- d) Cargas financeiras das débedas da entidade local e dos seus organismos autónomos
- e) Transferencias correntes que se deriven de convenios subscritos polas Corporacións Locais con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro

“O número de exercicios aos que poden aplicárselle os gastos referidos nos parágrafos a), b) e e) do apartado anterior non será superior a catro. Así mesmo, nos casos incluídos nos parágrafos a) e e), o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da contía que resulte de aplicar ao crédito correspondente do ano no que a operación comprometeuse, as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte, o 70 por 100; no segundo exercicio, o 60 por 100, e nos terceiro e cuarto, o 50 por 100”.

Do anterior resulta o seguinte:

- Os contratos de servizos están suxeitos a límites temporais
- Os investimentos están suxeitos a límites temporais e cuantitativos

Dado que os importes totais inclúen un contrato de obra e dous de servizos estaríamos ante dous supostos diferentes.

3.2.1 Límite temporal

Os exercicios futuros non superan o límite de catro, polo que este límite verifícase.

3.2.2 Límite cuantitativo

Do artigo 174.4 TRLFL extráese que a aplicación dos límites realizarase a partir do crédito do exercicio corrente, unha vez que se lle deducen os importes das anualidades dos proxectos taxativos que lle correspondan a ese ano.

Os proxectos taxativos son os que figuran de modo expreso nas bases de execución do orzamento para permitir que se excedan dalgún dos límites dos gastos plurianuais. Dos artigos 81 e seguintes do RP resultan as seguintes regras para fixar o cumprimento dos límites:

- A verificación dos créditos realizarase sobre os créditos iniciais dentro do nivel da vinculación xurídica
- Se dentro dos créditos iniciais hai unha parte que se destina á execución de anualidades de proxectos de investimento iniciados en exercicios anteriores, os límites calcularanse unha vez deducidas as anualidades correspondentes a estes últimos, salvo que se refira á execución da última das anualidades autorizadas.

Destes preceptos resulta que os importes que hai que deducir antes da aplicación das porcentaxes son as anualidades derivadas do contrato de arrendamento con e sen opción de compra dos equipos de impresión e dixitalización polo prezo do alugamento e que ascenden na vinculación 33/6 a 2.108,52 €:

Fase	Data	Anualidade	Aplicación	Importe	Saldo	Texto
AD	14/03/17	2018	2017 3321 64800	915,46	915,46	ADXUDICACION CONTRATO ARRTO. CON E SEN OPCION DE COMPRA DE EQUIPOS DE IMPRESION E DIXITALIZACION (PREZO DE ALUGUER)
AD	14/03/17	2018	2017 333 64800	1.043,38	149,68	ADXUDICACION CONTRATO ARRTO. CON E SEN OPCION DE COMPRA DE EQUIPOS DE IMPRESION E DIXITALIZACION (PREZO DE ALUGUER)
AD	14/03/17	2018	2017 334 64800	1.043,38	1.043,38	ADXUDICACION CONTRATO ARRTO. CON E SEN OPCION DE COMPRA DE EQUIPOS DE IMPRESION E DIXITALIZACION (PREZO DE ALUGUER)
					2.108,52	

A continuación calcúlase o límite máximo dispoñible na vinculación 33/6 (á que pertence o investimento do Castelo da Lúa) e ascende a 52.046,39 €, superior ao importe da anualidade 2018. O dito importe resulta de aplicarlle aos créditos iniciais do orzamento vixente na vinculación 33/6 a porcentaxe máxima do artigo 174.3 TRLFL do 70%:

Año	Prog.	Económ.	Límite de Compromisos	Límite Consumido	Disponible
2018	33	6	54.154,91	2.108,52	52.046,39

O importe da anualidade 2018 da obra é de 72.221,32 €. Aplicando un criterio moi restritivo, poderíase considerar que os contratos de servizos complementarios aos da obra co/a arqueólogo/a director/a e o/a restaurador/a director/a son investimentos por imputarse ao capítulo 6 do estado de gastos, estes tamén estarían suxeitos aos límites cuantitativos.

En calquera dos casos (91.523,99 € ou 72.221,32 €), o investimento supera o límite cuantitativo para a anualidade 2018 (52.046,39 €):

Dispoñible na vinculación 33/6 para o ano 2018	52.046,39
Importe da anualidade 2018 do total das actuacións	91.523,99
Importe da anualidade 2018 do contrato de obra	72.221,32

Tendo en conta que noutros momentos considerouse se a dirección do/a arqueólogo e do/a restaurador/a debería levarse a cabo pola empresa contratista da obra, considero máis prudente ter en conta como gasto suxeito aos límites cuantitativos o importe de 91.523,99 €, para os efectos de autorizar a súa ampliación.

3.2 Autorización do gasto plurianual

Existen varias posibilidades para superar os límites dun gasto plurianual:

- Proxectos taxativos: son os previstos nas bases de execución do orzamento, polo que precisaríase da súa modificación. Tendo en conta que a primeira anualidade debe xustificarse no mes de outubro, esta solución sería inviable.
- Autorizacións excepcionais polo Pleno do artigo 84 RP:
 - Nos casos excepcionais, o Pleno poderá ampliar o número de anualidades, así como elevar as porcentaxes ás que se refire o artigo 2. Neste caso, a porcentaxe debería elevarse ata un 122%, sen aplicar decimais:

Créditos iniciais da vinculación 33/2017 no orzamento	77.364,16
% máxima aplicable para 2018	122%
Límite de compromisos	94.384,28
Límite consumido	2.108,52
Límite dispoñible	92.275,76

- O Pleno da entidade poderá igualmente, aos efectos de facilitar o seu cálculo, fixar directamente o importe dos novos límites. Esta opción resulta moito máis sinxela que a anterior e tamén é válida. Consiste en ampliar o límite da vinculación 33/6 para o exercicio 2018 ata 93.632,51 €:

Límite de compromisos	93.632,51
Límite consumido	2.108,52
Límite dispoñible	91.523,99

3.3 Órgano competente

Como se indicou, o artigo 84 RP establece que é o Pleno, por maioría simple

Á vista do exposto, **PROPOÑO**

ÚNICO

Autorizar a ampliación do límite cuantitativo da vinculación 33/6 para o exercicio 2018 ata 93.632,51 €, co fin de posibilitar a execución das actuacións referidas á Intervención arqueolóxica integral de consolidación e restauración da fortaleza de Rianxo Castelo da Lúa.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL RIANXO EN COMÚN DEFENDE A MOCIÓN:

Apoiamos a proposta

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PSOE:

Apoiamos a proposta

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL PP:

Apoiamos a proposta

A VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL BNG:

Apoiamos a proposta

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

Ás 20:45 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Rianxo, martes 19 de setembro de 2017

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez